

Corenta e nove orixinais concorren á décima edición do Premio de poesía Victoriano Taibo.

Escrito por IEM -Sec
Venres, 11 Agosto 2017 00:53

O día 31 de xullo rematou o prazo de presentación ao certame poético VictorianoTaibo que convoca o Concello de Gondomar, en colaboración co Instituto de Estudos Miñoráns. A esta que xa é a décima edición concorren 49 orixinais.

A decisión do xurado será dada a coñecer na segunda quincena do mes de setembro e a entrega do premio terá lugar o día 18 de novembro no Auditorio Lois Tobío de Gondomar.

Nas nove edicións anteriores resultaron galardoados as e os poetas: Carlos Negro con *Cultivos Transxénicos*
, M^a CarmenCaramés con *Cuarto Minguante*
, Elvira Riveiro e Silvia Penas con *Biografía da Multitude*
, M^a Goretti Fariña con *Devastacións dispoñibles*
, Calros Solla con *Holocausto Zaoe*
, Conchita Álvarez Lebrede con *Distancias e Simetrías*
, Ramón Sandoval con *Territorios Estraños*
, Lara Rozados con *O caderno amarelo*
, Iñaki Varela con *Do outro lado das portas*
e Xosé Iglesias con *A relixión do mar*
.

VictorianoTaibo, poeta das Irmandades da Fala, foi unha figura sobranceira nos dous primeiros terzos do século XX. Mestre de profesión, tivo unha importante actividade cultural e foi membro do Seminario de Estudos Galegos, da Real Academia Galega e do Instituto de Estudos Históricos do Minho. Publicou en vida os poemarios *Abrente* (1922) e *Da vella roseira* (1925) e a obra narrativa

Da agra aberta

, contos e lendas (1956); deixou inéditos dous volumes de poesía,

Abicedo

e

Corenta e nove orixinais concorren á décima edición do Premio de poesía Victoriano Taibo.

Escrito por IEM -Sec

Venres, 11 Agosto 2017 00:53

Cabrinfolas

, que foron publicados en 2008 pola editorial Follas Novas, edición dirixida por Armando Requeixo; ademais conta con abundante obra espallada en diversas publicacións tanto galegas como da emigración americana. No ano 2008 recibiu unha homenaxe en Morgadães, lugar onde exerceu a súa docencia durante 20 anos, organizada polo IEM, que con tal motivo reeditou

Da agra aberta

e publicou unha Revista monográfica sobre o personaxe que recolle interesantes aspectos da súa vida e obra, coa participación dun nutrido grupo de persoas do mundo da cultura.

Gondomar, 10 de agosto de 2017